

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 72/2001, do 22 de marzo, polo que se crea o Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural na Universidade de Santiago de Compostela.

A Lei 11/1989, do 20 de xullo, (DOG nº 156, do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia (LOSUG), supuxo a realización dunha planificación xeral do sistema universitario galego coa finalidade de supera-las carencias universitarias existentes na nosa Comunidade Autónoma e de reordena-lo sistema universitario de Galicia, atendendo a criterios de desenvolvemento e renovación.

Unha vez rematado o proceso de expansión do sistema universitario de Galicia faise necesaria a súa consolidación atendendo especialmente á calidade do ensino e da investigación e máis concretamente ás cuestións derivadas da definición específica de cada campus: as directrices de consolidación de calidade e de crecemento de cara á súa propia identificación do perfil académico; á complementariedade interdisciplinaria para grandes áreas científicas; e ó avance no perfil académico e investigador, de acordo cos principios e criterios de programación sinalados na LOSUG.

A este obxectivo contribúe a creación do Instituto Universitario Mixto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural na Universidade de Santiago de Compostela, de xeito que se configura como centro de investigación, docencia, asesoramento, extensión e difusión da información nas áreas científicas e técnicas relacionadas coa promoción e desenvolvemento das materias que lle son propias.

Por todo iso, en aplicación do artigo 10.2º da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e por instancia do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, logo dos informes do Consello de Universidades e do Consello Universitario de Galicia, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG nº 23, do 21 de marzo), reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG nº 208, do 28 de outubro) logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintedous de marzo de dous mil un,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a creación do Instituto Universitario Mixto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento

Rural na Universidade de Santiago de Compostela, no seu campus de Lugo.

O Instituto Universitario Mixto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural créase por convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, a Consellería de Medio Ambiente e o Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES).

Este instituto terá como obxectivos fundamentais: estudia-la implantación de novas posibilidades de desenvolvemento rural na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a investigación en biodiversidade e a introducción de bosque, cultivos e gandería das zonas temperadas e subtropicais en Galicia; propicia-la apertura de novos mercados de traballo para os alumnos das titulacións agrarias, e programas de intercambio de alumnos e profesores, especialmente nos países hispanoamericanos; colaborar con outros centros semellantes, europeos e hispanoamericanos, de cara á formación de técnicos especializados, a través do desenvolvemento de programas de 3º ciclo; e ser un foro permanente de encontro, exposición e debate de tódalas actividades de interese a prol do agro galego.

Artigo 2º

Para o desenvolvemento das súas actividades, así como para a adscrición do seu persoal, este instituto rexeráse pola Lei orgánica 11/1983, de reforma universitaria, pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, polos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, o convenio de creación e polo seu Regulamento de réxime interior, que deberá axustarse ó establecido para este tipo de centros.

Disposición derradeira

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para que, no ámbito das súas competencias, dicte as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vintedous de marzo de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria